



**ASUNTO: RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, TURISMO, UNIVERSIDADE E PROMOCIÓN DA IGUALDADE POLA QUE SE ACORDA O NOMEAMENTO DO XURADO CUALIFICADOR DA TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS ERNESTINA OTERO SESTELO.**

Logo de examinar o expediente sinalado no asunto, son relevantes para a Resolución os seguintes:

**I- Feitos:**

**Primeiro.-** Por providencia da Concelleira de Promoción Económica, Emprego, Turismo, Universidade e Promoción da Igualdade de data 20 de xullo do 2021, incóase o procedemento administrativo relativo á convocatoria do presente exercicio e na que convocan a terceira edición dos premios “Ernestina Otero Sestelo” para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros educativos do Concello de Pontevedra.

Para elo, propónse a concesión de dous premios nas dúas categorías propostas e cunha dotación económica de 900 € e 500 € respectivamente, acadando un custo máximo de 2.800 €.

**Segundo.-** Por Decreto da Alcaldía, de 13 de outubro de 2021 apróbanse as bases da convocatoria, autorízase o gasto e dispónse a publicación das bases nos medios de publicidade establecidos ao efecto.

**II- Consideracións xurídicas:**

**Primeiro.-** A base 6ª das que rexen a convocatoria regula a composición e funcionamento do xurado cualificador, sinalando que debe estar composto por:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra ou persoa en que delegue.
- 3 representantes do Concello de Pontevedra.
- 3 representantes do ámbito educativo.

**Segundo.-** Por Decreto do Alcalde do Concello de Pontevedra de data 19 de agosto do 2021, delégase na Concelleira de Promoción Económica, Emprego, Turismo, Universidade e Promoción da Igualdade a resolución de actos administrativos no ámbito das súas competencias.

Atendendo ao anteriormente exposto, esta Concelleira delegada, no exercicio das súas competencias, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Nomear ao seguinte Xurado cualificador dos premios “Pinto e Maragota 2021”:

**Representantes do Concello:** Gloria Blanco Rial, Vanesa Estévez Baquero e José Ángel Ruibal Pérez.

**Representantes do ámbito educativo:** Luisa Márquez Rodríguez, Manuel Puga Pereira e María Jesús Enguídanos Floreani.

Actuarán como presidenta e secretaria do Xurado Rosa Campos Briones e



SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL

Mercedes Melero Adrio, respectivamente.

**Segundo.-** Convocar ao Xurado á reunión de deliberación e resolución dos premios que terá lugar o vindeiro **martes 28 de decembro de 2021, ás 17:00 horas, no edificio do CIM, situado na praza de José Martí, s/n, primeiro andar.**

Así o dispón e ordena a Concelleira Delegada de Concelleira de Promoción Económica, Emprego, Turismo, Universidade e Promoción da Igualdade na data da sinatura electrónica, do que eu como Secretario da Administración Municipal, dou fe.